

RIOBÓ



“O mapa da xeografía das emocións”

Francisco Castro, escritor galego

Begoña Riobó é, actualmente, a violinista con maior proxección no panorama musical galego. Cunha destacada traxectoria artística, na que formou parte das bandas de Carlos Núñez, Susana Seivane, Anxo Lorenzo ou Sondeseu, presétase como a primeira violinista folk galega en liderar o seu propio proxecto.

“Riobó” é o nome do grupo de Begoña, e tamén o título do seu primeiro traballo discográfico, que se caracteriza polo virtuosismo dos seus músicos á hora de arranxar e interpretar melodías da tradición galega, sendo fieis ás súas formas e orixe. Deste xeito, cada concerto convírtese nunha mostra de sensacións, onde conviven as raíces culturais máis puras con formulas interpretativas actuais.

Acompañando a Begoña, en “Riobó” atópanse catro recoñecidos músicos cunha sólida traxectoria, habituais nos principais proxectos musicais de Galicia. Son Fernando Barroso (Guitarra), Marcos Campos (gaita, acordeón e frautas), Xosé Liz (bouzouki), e Fernando Pérez (Frautas e requinta).

Begoña Riobó (violín) Trátase dunha artista integral, que ademais do violín, domina á perfección instrumentos como a zanfona e arpa céltica, da que é mestra na escola de música tradicional “e-Trad”, en Vigo. Begoña é ben coñecida nos principais festivais internacionais, nos que ten tocado en numerosas ocasións con Carlos Núñez, Solas, The Chieftains, Sondeseu, Anxo Lorenzo, Susana Seivane e unha longa lista de grandes artistas.

Marcos Campos, (gaita, acordeón e frautas) Formado como gaiteiro con mestres da talla de Xaime Estévez, Antón Corral ou Carlos Núñez, tomou parte en numerosos proxectos da época máis prolífica do folk galego. A súa experiencia como gaiteiro, e mestre de gaita, levouno a colaborar con The Chieftains nu súa xira europea do disco “Santiago”.

Fernando Pérez (fauta e requinta) Cunha sólida traxectoria no mundo da música tradicional, Fernando ten colaborado con grupos de primeira liña como Xarabal ou Berrogüetto. Actualmente é frautista titular da Orquestra Folk Sondeseu.

Xosé Liz (bouzouki) Un dos músicos máis activos do panorama folk galego. Produtor, compositor e arranxista, domina con mestría os instrumentos de corda e as frautas de traveso, instrumentos dos que é mestre na escola de música tradicional “e-Trad”, en Vigo.

Fernando Barroso, (guitarra) Un dos novos valores da música galega, cunha prometedora carreira baseada nun xeito vangardista de entender o acompañamento nos instrumentos de corda. A súa xuventude contrasta coa implicación deste músico en numerosas formacións de proxección internacional como Assembly Point ou Anxo Lorenzo.

Riobó – Riobó. 2011 Zouma Records. ZRCDO065.

www.begoriobo.com

www.zoumarecords.com

Para máis información, contratación e prensa:

Zouma Producciones: (+34) 988 240 248 – (+34) 639 754 236, info@zoumarecords.com